



INFORME DA NECESIDADE (ARTIGO 28 LCSP)

Expediente de contratación de obras “Melloras e mantementos de vías municipais 2018” (2018/C003/000018).

1. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE , de 26 de febreiro de 2014, os entes, organismos e entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia de esta na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

En consonancia co indicado, e tal e como se indica na Memoria do Proxecto técnico definitorio das obras encargado por esta Alcaldía, a finalidade que se trata de conseguir co citado proxecto, é realizar as labores precisas para a conservación de numerosas vías principais e secundarias de propiedade municipal, que teñen a plataforma e as marxes da calzada en malas condicións de conservación, poñendo en perigo a seguridade viaria e a integridade dos vehículos.

4. O proxecto técnico obrante no expediente contén a declaración de obra completa e a acta de replanteo previa.

5. Consta informe técnico emitido en data de 12.07.2018 pola ATM Patricia García Varela onde se indica que son precisas unha serie de autorizacións previas e se condiciona a dispoñibilidade dos terrenos á obtención das citadas autorizacións.

5. Este Concello non conta con medios persoais nin materiais para acometer esta obra.

6. Así e de conformidade co establecido anteriormente e co artigo 159 da LCSP (os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento aberto simplificado nos contratos de obras sempre que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 de euros e sempre que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor ou de habelos a súa ponderación non supere o 25% do total, salvo no caso de que o contrato teña por obxecto prestacións de carácter intelectual), óptase pola licitación mediante



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

procedemento aberto simplificado, con arranxo ás puntuacións determinadas por esta Alcaldía que a continuación se indican:

- a) Baixa sobre o prezo de licitación (máximo 40 puntos).
- b) Mellora sobre o prazo máximo de execución previsto no proxecto técnico (máximo 15 puntos):

Visto o proxecto de obras “**Melloras e mantementos de vías municipais 2018**” asinado polo arquitecto Gonzalo García Martínez, e que se concreta nun orzamento base de licitación de 118.647,17 € ao que se engade a cantidade de 24.915,91 € en concepto de IVE (21%), facendo un prezo total de licitación de 143.563,08 €.

Por todo o anterior, PROPOÑO:

Que previos os trámites que se estimen oportunos se realice a contratación proposta, solicitando coa presente que:

1º.- Se emita o correspondente certificado de existencia de crédito.

2º.- Que se incorporen ao expediente:

2.1 Os pregos reguladores da presente contratación coas puntuacións determinadas pola Alcaldía.

2.2 Que se emitan os informes previos de secretaría e intervención.

3º.- Efectuado o anterior, déaseme conta aos oportunos efectos.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe, O ALCALDE DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA.